

*De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencions, publicase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencions. (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/es/index>)*

## **CONVOCATORIA DE AXUDAS A DEPORTISTAS PARA ASISTENCIA A COMPETICIÓNS. ANO 2019**

Mediante Decreto da Alcaldía nº 2019002294 de data 31/05/2019 aprobouse a convocatoria de axudas a deportistas do Concello de Oleiros para asistencia a competicións internacionais, cuxas bases reguladoras foron aprobadas no marco das Bases de Execución do Orzamento Xeral para 2019 e publicadas no seguinte enlace:

[http://www.oleiros.org/c/document\\_library/get\\_file?p\\_l\\_id=297210&folderId=54246&name=D\\_LFE-25154.pdf](http://www.oleiros.org/c/document_library/get_file?p_l_id=297210&folderId=54246&name=D_LFE-25154.pdf)

1.- **Obxecto.**- Concesión de axudas a deportistas do Concello de Oleiros seleccionados para participar en eventos deportivos oficiais de carácter internacional, así como deportistas que acudan a campionatos de España ou campionatos oficiais de ámbito estatal e acaden algún dos tres primeiros postos.

2.- **Competicións subvencionables.**- As que se celebren ou se teñan celebrado entre o 1 de outubro de 2018 e o 30 de setembro de 2019.

3.- **Beneficiarios.**- Deportistas do Concello de Oleiros que reúnan os requisitos especificados nas bases reguladoras e ademais algún dos seguintes:

- a. Competicións internacionais.- Ter sido seleccionado pola respectiva federación española ou galega para participar nas competicións oficiais de ámbito internacional.
- b. Competicións de ámbito estatal.- Ter obtido algún dos tres primeiros postos en Campionatos de España ou campionatos oficiais de ámbito estatal.

4.- **Aplicación orzamentaria e importe da convocatoria.**-

Aplicación 2019/81.341.48902.- 10.000 euros.

5.- **Presentación de solicitudes.**-

LUGAR: Rexistro xeral do Centro Cultural "A Fábrica". Rúa do Inglés, 13.15172- Perillo-Oleiros.

PLAZO: Dende o día seguinte ao da publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña ata o 7 de outubro de 2019, inclusive.

6.- **Plazo de xustificación** .- Quince días naturais contados a partir do seguinte á recepción da notificación da concesión da axuda.

**En Oleiros, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde.**